

Últimos traballos

8 de xuño – 17 de xuño



Bos días!

Xa estamos rematando e por iso esta semana ímonos centrar nalgúns exercicios dos libros de galego e matemáticas e no pequeno proxecto de ciencias. Recomendovos que fagades as actividades antes do mércores para poder facer despois o proxecto. A semana que vén non mandarei ningunha tarefa, polo tanto, queda xa na vosa man seguir facendo os libros.

Matemáticas:

- *Últimos exercicios de repaso: 150, 151, 152, 153*

Galego:

- *Páxinas: 154, 155, 156, 157*

**No exercicio 3 da páxina 157 podedes escoller vós o acontecemento que queirades e despois de contestar as preguntas tedes que facer o exercicio 4 na libreta de galego con boa letra e coidado.*

SOLUCIÓN GALEGO

APRENDO A ESCRIBIR BEN

- 1 Le e subliña as palabras con **bl** e **br**.

O obradoiro de astronomía tivo un público variado. Por sorte, o ceo non se anubrou e a temperatura era agradable. Todos puideron ver de cerca a Lúa. Era abraiante! Foi unha noite increíble.

- Clasifica as palabras que subliñaches.

Palabras con **br** obradoiro anubrou abraiante

Palabras con **bl** público agradable increíble

Palabras con **br** e con **bl**

Escríbese **b** diante de **l** e **r**. Por exemplo: blusa, visible, branco, abrigo.

- 2 Atopa en cada caso a palabra oculta con **bl** ou **br** e relaciona.

ABLACABLEBLE

BLEBLOQUEBLO

BLEBLUSABLE



ABRABRIGOBRE

BRELEBREBRU

BROBROCHEBRA

- Observa e completa con dúas das palabras anteriores.

Bricida leva unha blusa
cun broche brillante.



- 3 Completa con **br** e **bl**.

Fábrica de moedas
BREOGÁN

Biblioteca pública
de Vila branca

- 4 Escribe unha oración coa palabra **amable**. R.M.

A bibliotecaria é unha rapaza amable.

- 5 Descubre se falta **bl** ou **br** e completa.

O cabrito branco da cabra branca
rebrinca libre sobre a herba branda.

- 6 DITADO. Atopa as palabras con **bl** e **br** e prepara o ditado para facelo no caderno.

Un libro despregable

Brais ten un libro precioso sobre planetas. Ao abrilo, algunhas páxinas desdóbranse e os debuxos sobresaen por riba da folla. Increíble, verdade?



MELLORO A MIÑA ORTOGRAFÍA

- 7 Sinala as dúas palabras mal escritas e corríxeas.

notable ~~posible~~ agradable ~~horrible~~
posible horrible



Escribo unha noticia para a revista

- 1 Le e responde.

A NOSA ESCOLA

Un día cos bombeiros

Este mes fomos ao parque de bombeiros. Subimos a un camiión, deixáronnos probar os cascos e explicáronnos como evitar os incendios. Foi moi interesante.

ALDARA RÚA (2.º)

Novas árbores no patio

O 21 de marzo celebramos o Día da Árbore. Plantamos no patio da escola un carballo, unha aciñeira e un bidueiro. Tamén fixemos unha festa. Tivemos bo tempo e pasámolo moi ben.



NUNO PONTE (2.º)

- Onde aparecen publicados estes textos? Na revista do cole.
Quen os escribiu? Aldara Rúa e Nuno Ponte.

- 2 Que contan os textos de Nuno e Aldara? Explica.

O texto de Nuno conta a celebración do Día da Árbore.

O de Aldara conta un día de visita ao parque dos bombeiros.

- 3 Sobre cal destes acontecementos que sucederon durante o curso che gustaría escribir unha noticia? Elixe. R.M.



Visita á televisión



Nova aula de informática



8.º Cros da escola

- Inventa e anota os datos importantes sobre ese acontecemento.

- Que ocorreu? Organizouse o octavo Cros da escola.
Cando e onde ocorreu? O venres pasado. Nos arredores da escola.
Quen participou? Participaron moitos alumnos das escolas da comarca.
Como foi? Foi moi divertido e emocionante.

NO CADERNO

- 4 Coas ideas que anotaches na actividade 3, redacta unha noticia para a revista da escola.

- Escribe con letra clara e non esquezas poñer un título.
Acompaña o texto cun debuxo.

Intelixencia espacial



OS ANIMAIS



Esta semana comezaremos un pequeno proxecto sobre animais. O mércores, na videoconferencia faremos un sorteo dos 6 continentes e dependendo de cal vos toque, teredes que investigar e escoller un animal que viva nel.

Instrucións para o traballo:


- Escoller o animal.
- Buscar a información importante (onde vive, que come, que clase de animal é, que pel ten, como se reproduce, canto pode vivir, curiosidades...)
- Escoller un folio/folios ou cartulina.
- Buscar fotos ou debuxar o animal escollido.
- Escribir no folio ou cartulina, a lapis primeiro, a información importante.
- Ler que todo está ben escrito e decorar.
 - RECORDADE QUE NON PODEDES EMPEZAR ATA QUE VOS ASIGNE O VOSO CONTINENTE NA VIDEOCONFERENCIA

Pero antes de comezar co proxecto temos que recordar a clasificación dos animais, características e ecosistemas.

CLÁSIFICACIÓN

Podemos clasificar os animais de maneiras distintas.

- Tendo en conta o que comen:
 - Carnívoros
 - Herbívoros
 - Omnívoros



- FICHAS INTERACTIVAS:

<https://es.liveworksheets.com/c?a=s&g=2%C2%BA&s=Ciencias&t=mkauqdxldho&l=et&i=tnxuxu&r=vi>

<https://es.liveworksheets.com/c?a=s&g=2%C2%BA&s=Ciencias&t=mkauqdxldho&l=vm&i=sfxsfm&r=ov>

- Vertebrados ou invertebrados

Hai animais que teñen un esqueleto formado por ósos e outros que non. Mira estes vídeos:

<https://www.youtube.com/watch?v=uQo9wZS2BC0>

<https://www.youtube.com/watch?v=NOpzysr0PJQ&t=2s>

- FICHA INTERACTIVA:

<https://es.liveworksheets.com/c?a=s&g=2%C2%BA%20&s=Ciencias&t=mkauqdxldho&l=ha&i=sotfxu&r=hm>

- Vivíparos e ovíparos

Hai animais que se reproducen con ovos e outros que non.



- FICHA INTERACTIVA:

<https://es.liveworksheets.com/c?a=s&g=2%C2%BA&s=Ciencias&t=mkauqdxldho&l=on&i=sodnzd&r=sh>

- Clasificación animais

- Mamíferos: <https://www.youtube.com/watch?v=i2pYf03Trnw>
- Reptiles: <https://www.youtube.com/watch?v=wX5gL-sgr80>
- Aves: <https://www.youtube.com/watch?v=j4V2dema2yl>
- Anfibios: <https://www.youtube.com/watch?v=P-92RX0XqCc>
- Peces: <https://www.youtube.com/watch?v=amQj26jhgwU>
- Insectos: https://www.youtube.com/watch?v=3tXZZTy_ncE

- FICHA INTERACTIVA:

<https://es.liveworksheets.com/c?a=s&g=2%C2%BA&s=Ciencias&t=mkauqdxldho&l=tz&i=sotodu&r=bd>

Onde viven os animais?

Os animais poden vivir en ecosistemas acuáticos ou en ecosistemas terrestres:

<https://www.youtube.com/watch?v=K3xNO0oZo7Q>



Agora que xa sabes moito sobre animais, toca escoller un animal do continente que che tocou para investigar sobre el.

Podes volver a revisar os contidos desta ficha cando queiras para completar o teu proxecto.

Non esquezas enviarme o resultado final!